

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Asimesmo, sinalar que o noso centro está situado no barrio de San Pedro, zona ubicada preto do casco monumental de Santiago de Compostela.

O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio.

Trátase dun centro dunha soa liña, formado por nove unidades.

A lingua vehicular das familias é o castelán.

O grupo- aula consta de 24 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio de curso entre os 5 e 6 anos. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coa mesa posta	Nesta unidade faremos unha comparativa das dietas en diferentes partes do mundo, centrándonos na cesta da compra, menú e valor nutricional dos alimentos.	30	10	X		
2	Un espazo propio	Nesta unidade faremos unha intervención ao noso barrio co fin de crear un espazo amigable. Facendo así unha mellora da contorna do colexio.	35	10		X	
3	Benvidas?	Nesta unidade investigaremos sobre as plantas da contorna facendo fincapé nas especies exóticas (lugar de orixe, uso, características...). Identificaremos as especies invasoras e as súas consecuencias no hábitat da zona.	35	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coa mesa posta	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e a tradición galega.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Asociar as secuencias de traballo á temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos para as actividades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias durante as execucións de actuación.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto e o produto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe sinxela.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe corporal como parte do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar diferentes tipos de recursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Un espazo propio	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar as actuacións necesarias.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto e un produto final.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe sinxela.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar a linguaxe corporal para acompañar o discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar todo tipo de recursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Benvidas?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar a información.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar as accións necesarias para o proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións e temporalización.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos adquiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos materiais.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunicar as incidencias.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o proxecto.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O desenvolvemento das actividades nesta área terán como fin que a aprendizaxe sexa global. Os coñecementos e habilidades que vaian acadando lle sirvan para aplicar a diferentes ámbitos. Proxectos coma o desenvolvemento da Semana Cultural (este ano o tema é a multiculturalidade, que levará como título: "De aquí e de acolá") onde partindo dun tema de interese se conxugan todas as áreas, organización do día da Paz, Samaín, Magosto, son un exemplo deste aprendizaxe global.

Partiremos dos coñecementos previos para que este sexa significativo e do propio nivel de desenvolvemento para que teña un fin formativo.

Desde o punto metodolóxico, levaranse a cabo tres unidades, unha por cada trimestre, estando interrelacionados entre sí e formando parte dun proxecto común. Éste estará conectado coa realidade promovendo a aprendizaxe competencial. Para iso, cada proxecto organízase ao redor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora, real e próxima ao alumnado. As unidades seguen unha ruta didáctica en catro fases:

- Espertar a curiosidade do alumno e tomar conciencia da situación-problema.
- Aprendizaxe orientada cara aos contidos necesarios e o desenvolvemento das habilidades de pensamento.
- Aplicación do aprendido nas tarefas complexas, con forte sentido competencial e actitudinal.
- Consolidación, valoración do aprendido e personalización.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de campo
Fontes documentais de internet
Recursos materiais: lupas, compás, mapas, planos...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos
Sala de usos múltiples
Iniciativas de Asociacións e colectivos, Concello, barrio.
As visitas e actividades realizadas en exposicións realizadas co mundo do medio ambiente
Plataformas dixitais que se utilizarán habitualmente facendo uso do ordenador de aula e pizarra dixital
Biblioteca de aula, con libros de consulta

Horto escolar
A contorna
Familias do alumnado

Na área de Proxecto Competencial, contamos cunha serie de recursos, tanto persoais, como materiais (PDI, aula virtual, xogos interactivos...) que nos facilitan a adquisición de contidos e reforzan a aprendizaxe.

Outros espazos do centro diferentes á súa aula empregaranse para o desenvolvemento curricular desta área, como, a Biblioteca do centro, sala de usos múltiples, patio, utilizaranse para producións audiovisuais, exposicións de traballos...

Asimesmo a contorna será outra fonte de recursos para desenvolver esta área.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado o carácter formativo e continuo da avaliación, esta ha de extenderse ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O primeiro momento clave da mesma é o da avaliación inicial, que ten en conta o punto de partida do alumnado e valora os seus coñecementos previos, para deste xeito facilitar a planificación das aprendizaxes a desenvolver para o logro das competencias básicas.

Por iso ao comezo de curso levarase a cabo a avaliación inicial ou de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado.

Asimesmo, partiremos da valoración que o grupo-aula ten de cara á proposta dos proxectos, así como os seus intereses e actitudes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Traballo diario individual e cooperativo: 40%

- Cadernos
- Fichas e exercicios

Actitude: 60%

- Respeto polas normas de aula e centro
- Esforzo
- Interese e participación na aula

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Entre as actividades de recuperación e reforzo que imos a levar a cabo con aqueles alumnos/as que o precisen están:

A flexibilización da metodoloxía e dos tempos así como o uso dun vocabulario máis cercano ao alumno/a que lle facilite a comprensión das diferentes actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.6 - Educación para o consumo responsable	X	X	X
ET.7 - Coidado polo Medio Ambiente	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Escola Galega de Consumo	Aproveitaremos esta saída para o noso proxecto dun consumo responsable.	X		
Centro de Interpretación de Parques e Xardíns	Nesta saída teremos a oportunidade de plantar árbores preto da nosa contorna e participar no coidado do Medio Ambiente.		X	
Roteiros pola cidade	Visitaremos centros de interese relacionados co noso proxecto.	X	X	X
Saídas pola contorna	Visitaremos os parques da nosa contorna para investigar sobre as plantas medicinais, e aromáticas.	X	X	X
Horto Escolar	Ao longo deste curso iremos a traballar na nosa horta situada no parque de Belvís.	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias son unha oportunidade de aprendizaxe. O alumnado amosa unha gran motivación, implicación e interese polas mesmas. Tamén contamos coa colaboración das familias tanto á hora de organizalas como de desenvolvelas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades...
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e autoavaliación.

Metodoloxía empregada
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se levou a cabo na aula.
Queda claro o enfoque competencial.
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse axeitadamente.
O proceso levouse a cabo con fluidez.
O alumnado sentíuse motivado polos retos e desafíos que se plantexan.
Aadquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización foi axeitada.
Medidas de atención á diversidade
As actividades contribúen a que o alumnado adquiera autonomía progresivamente.
Clima de traballo na aula
As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluidas e son un estímulo para o traballo.
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e as propostas de mellora necesarias requiren da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado no Proxecto Competencial. Neste caso son os seguintes:

- Ao finalizar a explicación de contidos das Unidades Didácticas faremos mapas conceptuais ou esquemas que nos permitan repasar e mellorar a organización de ideas.
- Usaremos as autoevaluacións e coavaliacións para detectar e resolver posibles dificultades.
- Rexistraremos na ficha individual do alumnado aqueles aspectos que precisan reforzar e proporemoslles actividades adaptadas.
- Abordaremos aqueles contidos que poidan resultar máis complexos cun enfoque integrador e interdisciplinar, de xeito que o alumnado poida establecer relacións e conexións entre as aprendizaxes.
- Revisaremos periodicamente a programación para poder axustar e modificar aqueles aspectos que así o requiran (temporalización, metodoloxía....)

9. Outros apartados